

DISTRIBUCIÓN DOS CONTIDOS NAS PREGUNTAS PAU 2025

LINGUA GALEGA E LITERATURA 2º BACH

PREGUNTA 1: COMUNICACIÓN

- Resumo.
- Esquema.
- Estrutura.
- Ideas principais e secundarias.
- Explicar o significado concreto no texto de palabras, expresións, fragmentos.
- Intencionalidade e recursos (ironía, presuposicións).
- Xéneros discursivos, identificación, comprensión e análise crítica (argumentación, exposición, narración, descrición, diálogo).
- Escolla múltipla para avaliar a comprensión do texto.

PREGUNTA 2: REFLEXIÓN SOBRE A LINGUA

Para que a reflexión sobre a lingua deses apartados sirva á comprensión textual para avaliar o CA4.3 (Explicar e argumentar a interrelación entre o propósito comunicativo e as eleccións lingüísticas do emisor, así como os seus efectos no receptor, utilizando o coñecemento explícito da lingua e unha metalinguaxe específica).

Formularanse preguntas sobre:

- Saberes básicos de fonética e fonoloxía.
- Saberes básicos de morfoloxía e sintaxe.
- Saberes básicos de semántica e lexicografía.

Tipo de preguntas:

- Demostrar a comprensión das posibilidades de creación de palabras e enriquecemento do léxico (composición, derivación, parasíntese e acronimia).
- Identificar e utilizar as diferentes clases de palabras.
- Identificar e empregar axeitadamente as formas verbais e perífrases.
- Identificar e empregar as clases de sintagmas/frases, os seus constituíntes e as funcións que poidan exercer nas oracións/cláusulas.
- Identificar e utilizar as funcións primarias da oración/cláusula (suxeito, predicado, etc.).
- Identificar e usar as relacións entre estruturas sintácticas.
- Demostrar a comprensión das relacións léxico-semánticas das palabras (sinonimia, antonimia, hiperonimia, campo léxico, campo semántico e palabra clave) mediante a súa identificación no texto ou o seu emprego.
- Explicar o significado concreto no texto de palabras, expresións, fragmentos.

- Identificar elementos dalgún dos seus constituíntes morfolóxicos para relacionalos con outras palabras e atopar familias léxicas. Tamén para descubrir os significados deses mesmos morfemas noutras palabras e así comprender mellor o texto.
- Mecanismos de cohesión e coherencia (antecedentes de relativos, referentes textuais de pronomes, valores anafóricos e catafóricos dalgún elemento, nexos e conectores.
- Identificar o valor das unidades lingüísticas nun contexto determinado para comprender mellor o texto.

Non se pedirá:

- Análise sintáctica formal de oracións/cláusulas.
- Análise morfolóxica de palabras.
- Análise xeral dos mecanismos de cohesión dun texto determinado.
- Preguntas teóricas de reprodución memorística.

PREGUNTA 3: AS LINGUAS E OS SEUS FALANTES

Produción textual de 200 palabras tendo en conta os CA1.1 (Recoñecer e valorar as linguas da Península Ibérica e as variedades dialectais do galego, contrastando de maneira explícita e coa metalinguaxe apropiada aspectos lingüísticos e discursivos destas linguas en manifestacións orais, escritas e multimodais, diferenciando os trazos de lingua que responden á diversidade dialectal dos que se corresponden con sociolectos ou rexistros) e CA1.2 (Cuestionar e refutar prexuízos e estereotipos lingüísticos adoptando unha actitude de respecto e valoración da riqueza cultural, lingüística e dialectal, atendendo á diversidade de normas cultas e estándares que se dan nunha mesma lingua, así como analizando e valorando a relevancia actual dos medios de comunicación e das redes sociais nos procesos de normalización lingüística).

- Análise de estímulos (estadísticas, viñetas, gráficas, textos, mapas) vinculados aos saberes básicos da pregunta 1.
- Aspectos sociolingüísticos (prexuízos, normalización).
- Variedades dialectais.
- Rexistros lingüísticos.
- Linguas da Península Ibérica.

PREGUNTA 4: EDUCACIÓN LITERARIA

Produción textual de 200 palabras tendo en conta os CA2.5 (Elaborar textos académicos coherentes, cohesionados e co rexistro adecuado arredor de temas curriculares ou de interese social e cultural, precedidos dun proceso de planificación que atenda á situación comunicativa, destinatario, propósito e canle, e de redacción e revisión de borradores entre iguais ou utilizando outros instrumentos de consulta),

CA2.7 (Identificar o sentido global, a estrutura, a información relevante e a intención do emisor de textos escritos e multimodais especializados, con especial atención a textos académicos e dos medios de comunicación, realizando as inferencias necesarias e con diferentes propósitos de lectura) , CA2.8 (Valorar criticamente o contido e a forma de textos especializados avaliando a súa calidade e fiabilidade, así como a eficacia dos procedementos lingüísticos empregados), CA3.5 (Explicar e argumentar a interpretación das obras lidas a partir da análise das relacións internas dos seus elementos constitutivos co sentido da obra e das relacións externas do texto co seu contexto sociohistórico e coa tradición literaria, utilizando unha metalinguaxe específica e incorporando xuízos de valor vinculados á apreciación estética das obras).

- Textos representativos dos diferentes movementos ou períodos literarios.
- Identificar as características da escrita do/da autor/a do texto proposto presentes neste, que poidan relacionalo con outros/as autores/as, movementos ou correntes literarias.
- Comparar a temática e a forma de dous textos literarios.
- Elaborar un comentario literario guiado.
- Sempre se xustificarán as respostas con exemplos do propio texto literario proposto.

CRITERIOS DE CORRECCIÓN LINGÜÍSTICA

- Corrección relativa á coherencia, cohesión, corrección gramatical, léxica e ortográfica dos textos elaborados.
- Corrección relativa á presentación dos textos.
- Suporá o 20% da puntuación de cada pregunta.
- Poderá flexibilizarse en casos de alumnado con NEAE.